

RESOLUCION REITORAL DO 09/12/2022 SOBRE DELEGACION DAS COMPETENCIAS DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA DA USC

Na Resolución do 21 de abril de 2022 pola que se delegan competencias en determinados órganos universitarios publicada no DOG do 26 de abril de 2022 figura no seu apartado décimo cuarto unha delegación en favor da xefatura do Servizo de Xestión Académica.

Tendo en conta que con efectos do 08 de decembro de 2022 a praza de xefe de servizo quedou vacante e que as súas funcións serán asumidas de forma provisoria por Dña. Noelia Prol Vázquez, xefa da Sección de Admisión e Xestión do Servizo de Xestión Académica mediante Resolución da Xerencia do 05 de decembro de 2022, procede que se dicte a presente Resolución para que as funcións delegadas ao xefe do Servizo de Xestión Académica sexan exercidas pola xefa da Sección de Admisión e Xestión en tanto se manteñan estas circunstancias.

Á vista do anterior, esta Reitoría

RESOLVE

Primeiro.-

As competencias delegadas ao xefe de Servizo de Xestión Académica mediante a Resolución Reitoral do 21 de abril de 2022 serán asumidas dende o 09 de decembro de 2022 pola xefa de Sección de Admisión e Xestión do Servizo de Xestión Académica durante o tempo no que se manteña a asunción temporal de funcións deste posto.

Segundo.-

Nas resolucións que se diten en virtude desta resolución de delegación farase constar unha referencia tanto á presente resolución como á Resolución xeral de delegación e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

Disposición derogatoria.-

Esta resolución derroga a do 29 de abril de 2022 sobre delegación das competencias do Servizo de Xestión Académica.

Disposición final.-

Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no Taboleiro de anuncios electrónico da USC.

O Reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
09/12/2022 15:14:03.

CSV: 5135-50E8-4C1B-8E79